



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 20 DE MARZO DE 2026**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA ACCIDENTAL:**

M<sup>a</sup> DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución de Alcaldía nº 125/2026 do 27 de febreiro)

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:55 horas do día 20 de marzo de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 06.03.2026**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 06.03.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. LICENCIA DE EDIFICACIÓN PARA ACTIVIDADE A NOME DE SON DA VILA S.L.  
PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EN CASCO HISTÓRICO PARA  
APARTAMENTOS TURÍSTICOS EN  
EXPEDIENTE: 2024/U022/000027**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16-03-2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 20-03-2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Expediente:** 2024/U022/000027

**Asunto:** Licencia de Edificación para actividade a nome de SON DA



VILA S.L. para Rehabilitación de edificio en casco histórico para apartamentos turísticos

**Interesado/a:** SON DA VILA S.L.

**Situación:**

**Referencia catastral:**

**Procedemento:** Licenza de edificación para actividade

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

**Documentación achegada**

Título do documento	PROYECTO BASICO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EN CASCO HISTÓRICO PARA APARTAMENTOS TURÍSTICOS, CEDEIRA, A CORUÑA
Data documento	Novembro 2025 Visado 12/11/2025
Redactor/a	Pilar Vilas Rial Arquitecto COAG 4856
Data incorporación expediente	03/12/2025

**Informes municipais**

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	11/03/2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	13/03/2026

**Afeccións sectoriais**

Organismo	Afección/Autorización	Doc.	Consta	Observacións
Autonómico competente en Patrimonio cultural	Incluído no Catalogo complementario de monumentos e conxuntos histórico - artísticos obxecto de protección	PBA/PX	SI	Control arqueolóxico



### 1.1. CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial en núcleo antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA
Finalidade da actuación	Edificio de apartamentos turísticos
Uso ó que se destinará	Residencial hoteleiro 1a
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos..
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitalas
Redactor/a	Pilar Vilas Rial COAG 4856
Dirección da obra	Pilar Vilas Rial COAG 4856
Dirección de execución da obra	Juan Antonio Tuimil García COATAC 2775
Coordinación de seguridade e saúde	Juan Antonio Tuimil García COATAC 2775
Orzamento de execución material	523.879,14 €
Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos:	No seu defecto os existentes
• Altura cornixa:	Existente
• Volume:	2597.62 m <sup>3</sup> Existente



• Superficie construída:	665.13 m <sup>2</sup> Existente
• Ocupación:	Existente
Datos da actividade	Apartamentos turísticos Descrición da actividade: Aloxamento temporal nun edificio/establecemento con servizos comúns, tales como lavandería e ximnasio privado Código CNAE: 55.20 – Servizos de aloxamento en apartamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estancia Código IAE: 685.2 – Apartamentos turísticos

### 1.1.1 Condicións particulares:

#### Licenza con eficacia diferida

A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar as obras de construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución.

#### Documentación final da actuación

Finalizadas as obras deberá presentar:

- Certificado final: Rematada a actuación aportarase certificado final de persoa técnica competente en que conste que a/s actuación/s están completamente rematada/se se axustan ao título outorgado
- Xestión de residuos: Acreditación de ter realizado a xestión de residuos.

#### Documentación da actividade

Con carácter previo ao inicio de actividade e unha vez terminada a obra, presentarase a comunicación previa para inicio de actividade, coa documentación necesaria.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2. As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.
3. Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a



contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4. Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.
5. Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
6. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **3. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DO 2026**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17-03-2026, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DO 2026.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de febreiro 2026 que empeza por cun



importe de 76,39 € e finaliza con cun importe de 71,39 € e se compón de 45 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.307,98 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de febreiro 2026 que empeza por cun importe de 36,00 € e finaliza con cun importe de 28,80 € e se compón de 6 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 370,80 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### 4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000092

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13-03-2026, que literalmente di:

#### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000092.**

#### ANTECEDENTES

##### Datos ben inmovible:

**Enderezo:**

**Ref. catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000647536**

**Exercicios: 2022, 2023, 2024 e 2025**

**Primeiro.** Preséntase solicitude por en data 10.03.2026 e nº de rexistro de entrada 202699900000524, de anulación dos recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos dos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 e liquidación.

**Segundo.** Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2022, 2023, 2024 e 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

**Terceiro.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

## II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

## III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

## IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

## V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

## VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para os exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
----------------	----------	---------	---------	---------



							PROP. (100,00%) US
							PROP. (100,00%) NP

**VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.**

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647536	20223515022RL01R005249					2022	463,54 €
253000647536	20233515022RL01R001499					2023	468,31 €
253000647536	20243515022RL01R006045					2024	453,61 €
253000647536	20253515022RL01R002664					2025	380,00 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	----------------	---------------------	---------	---------	-----------	----------



253000647536	20223515022RL01R005249		2022	463,54 €
253000647536	20233515022RL01R001499		2023	468,31 €
253000647536	20243515022RL01R006045		2024	453,61 €
253000647536	20253515022RL01R002664		2025	380,00 €

**SEGUNDO.** Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**5. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000110**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13-03-2026, que literalmente di:

**“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000110.**

**ANTECEDENTES**

**Datos ben inmovible:**

**Enderezo:**

**Ref. catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000644348**

**Exercicio: 2025**

**Primeiro.** Preséntase solicitude por \_\_\_\_\_ en data 10.03.2026 e nº de rexistro de entrada 202600000000713, de anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2025 e liquidación.



**Segundo.** Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

**Terceiro.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

### II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

### V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a



correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

**VI. Comprobación**

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
15022A5030027500011A				PROP. (50,00%)
15022A5030027500011A				PROP. (50,00%)

**VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.**

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644348	20253515022RL01R003698					2025	51,70 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)



253000644348	20253515022RL01R003698				2025	51,70 €
--------------	------------------------	--	--	--	------	---------

**SEGUNDO.** Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**6. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000117**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 17-03-2026, que literalmente di:

**“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000117.**

**ANTECEDENTES**

**Datos ben inmovible:**

**Enderezo:**

**Ref. catastral:** .....

**Nº fixo recibo: 253000642538**

**Exercicio: 2025**

**Primeiro.** Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña, Tesouraría – Servizo Recadación – Zona 2, en datas 13.03.2026 e nº de rexistro de entrada 202690000000343, de proposta de baixa ou rectificación de datos para anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e liquidación do exercicio 2025.

**Segundo.** Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

**Terceiro.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Competencia**



A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

## II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

## III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

## IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

## V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

## VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
----------------	----------	---------	---------	---------





**7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ANPA NICOLÁS DEL RÍO CON NIF G15043193 PARA O ANO 2025. EXPEDIENTE: 2026/G006/000060**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11-03-2026, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2026/G006/000060

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ANPA NICOLÁS DEL RÍO CON NIF G15043193 PARA O ANO 2025.

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

O 30 de decembro de 2025 asinouose o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación de Nais e Pais do Ceip Nicolás del Río, con NIF G15043193 para o ano 2025. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita Anpa.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 11 de marzo de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación de Nais e Pais do Ceip Nicolás del Río, con NIF G15043193 para o ano 2025

**SEGUNDO.** Aprobar o pago da subvención, unha vez xustificada a subvención, 10.000,00 €, abonando o importe con cargo á aplicación orzamentaria 3232.48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2026, que é o prorrogado do ano 2025, mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA CON NIF G70511613. EXPEDIENTE: 2026/G006/000077**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13-03-2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000077

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA CON NIF G70511613



**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA con NIF G70511613.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 13.03.2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que na área de investimentos non xustifican o 70% da subvención, 770,00€. Visto que na área de actividades xustifican o total da subvención e tendo depositada unha garantía por importe de 794,55 € se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 794,55 € co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 191,00 € anticipada e non xustificada. Polo tanto, o importe a aboar a asociación sería de 273,55€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada pola ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA con NIF G70511613 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

**SEGUNDO.** Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada para investimentos e non xustificada por compensación, segundo o seguinte detalle:

GARANTÍA SUBVENCIÓN ACTIVIDADES	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN INVESTIMENTOS	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN	A ABOAR POR COMPENSACIÓN
794,55€	770,00€	191,00€	273,55€

**TERCEIRO.** Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320250000525	SIA	01/01/2025	20510	521,00€
320250000541	SIA	01/01/2026	20510	330,00€

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.



**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025. COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DO CORVEIRO CON NIF G19370675. EXPEDIENTE: 2026/G006/000079**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17-03-2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000079

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025. COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DO CORVEIRO CON NIF G19370675.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de concesión de subvencións para comisións de festas parroquiais 2025, que foron aprobadas por resolución de alcaldía núm. 375/2025 do 29 de xullo de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de San Antonio do Corveiro con NIF G19370675.

Visto o informe favorable de Intervención de data 17 de marzo de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de San Antonio do Corveiro con NIF G19370675

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



**10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025: COMISION DE FESTAS SAN ROMAN 2025 NIF V75388710. EXPEDIENTE: 2026/G006/000088**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17-03-2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000088

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025: COMISION DE FESTAS SAN ROMAN 2025 NIF V75388710

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de concesión de subvencións para comisións de festas parroquiais 2025, que foron aprobadas por resolución de alcaldía núm. 375/2025 do 29 de xullo de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola COMISION DE FESTAS SAN ROMAN 2025 NIF V75388710

Visto o informe favorable de Intervención de data 17 de marzo de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola COMISION DE FESTAS SAN ROMAN 2025 NIF V75388710

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita

**11. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN – EDAR DE SAN ROMÁN. EXPTE. 2023/C003/000004**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16-03-2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

CVD: 0DZhsI9eNe3czMh6ozJZ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/  
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 26/03/2026 11:37:00) ,  
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 26/03/2026 11:43:00)  
Versión imprimible  
CVD: sfACvOZckgOm/p8r0RQj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/



**Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN – EDAR DE SAN ROMÁN**

**Expte. 2023/C003/000004**

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 200/2024 de 17 de abril foi adjudicado o contrato de obras denominado "Reforma e adecuación do sistema de saneamento existente en San Román – EDAR de San Román" á empresa TESWATER GLOBAL, S.L.U. polo importe de **57656,50 €** (IVE incluído).

Con data 08.04.2024 a empresa TESWATER GLOBAL, S.L.U. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a copia electrónica da garantía definitiva para o contrato de "Reforma e adecuación do sistema de saneamento existente en San Román – EDAR de San Román" mediante o aval núm. 688785 de data 05.04.2024 da entidade ABANCA polo importe de 2.382,50 €.

Con data 23.12.2024 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 15.01.2026 (rex. entrada núm. 2026/999/78) a empresa TESWATER GLOBAL, S.L.U. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 688785 de data 05.04.2024 da entidade ABANCA polo importe de 2.382,50 €.

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 03.03.2026, favorable á devolución da citada garantía.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **proponho** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 688785 de data 05.04.2024 da entidade ABANCA polo importe de 2.382,50 €.

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adjudicataria.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita

**12. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2025-26. EXPTE. 2025/C003/000005**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17-03-2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2025-26**

**Expte. 2025/C003/000005**



Con data 23.05.2025 recibíuse a resolución da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de concesión de axuda por importe de 68.854,00 € ao abeiro do plan Camiña rural 2025-2026, no cal está incluído o proxecto de “Mellora da capa de rodadura en camiños municipais. AGADER 2025-26”.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.07.2025 foi aprobado o expediente de contratación e o Prego de cláusulas administrativas para a adxudicación do contrato de obras denominado “Mellora da capa de rodadura en camiños municipais. AGADER 2025-26”.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.09.2025 o antedito contrato de obras foi adxudicado á empresa JOSÉ NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

Durante a execución dos traballos verificouse que nos camiños de “Vista Alegre a Bereixo” e “Arrasa” foron recentemente realizadas intervencións de mellora da capa de rodadura debido ao estado de deterioro existente, debido a que provocaba dificultades de acceso a núcleos de poboación.

Por este motivo foi encargado un proxecto modificado, no cal se varía a intervención nos citados camiños, no sentido de realizar a súa mellora a partir do tramo xa executado.

Con data 13.03.2026 (R.E. 2026/999/568) D. Pablo Couto López, enxeñeiro redactor do proxecto, presenta o “Modificado núm. 1 de Mellora da capa de rodadura en camiños municipais. AGADER 2025-26”, o cal contén variacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á valoración económica do proxecto técnico.

Por isto, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Modificado núm. 1 de Mellora da capa de rodadura en camiños municipais. AGADER 2025-26”, asinado dixitalmente con data 13.03.2026 polo redactor D. Pablo Couto López, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Local, en substitución do exemplar inicialmente presentado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚMERO 139/2026 DE DATA 05.03.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DE 15 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A INCREMENTAR A ECOEFICIENCIA NA XESTIÓN DOS RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO-PROCEDEMENTO MT975X**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía num. 139/2026 de data 05.03.2026, que di:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA



**SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DE 15 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A INCREMENTAR A ECOEFICIENCIA NA XESTIÓN DOS RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO-PROCEDEMENTO MT975X**

Vista a ORDE do 15 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas por la Unión Europea en el marco del programa Galicia Feder 2021-2027, con una tasa de cofinanciación del 60 % del gasto elegible para el año 2026 (DOG Núm. 25, do 06 de febreiro de 2026)

Vista a subvencionabilidade do proxecto “**MELLORA DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE CEDEIRA**”, dentro da Liña 5 de subvención: melloras dos puntos limpos fixos e existentes para facilitar e incrementar a recollida separada, a adecuada clasificación e a trazabilidade dos residuos municipais especiais (voluminosos, RAEE, textiles, aceites de cociña usados, domésticos perigosos, etc.), xestionados nestas instalacións.

Visto que segundo o artigo 6.3 e) para a Liña 5 da devandita Orde se establece que a contía da subvención no poderá superar os 80.000 € cun financiamento do 100% (60% pola UE no marco do programa Galicia Feder 2021- 2027 e o 40% con fondos propios da Comunidade Autónoma).

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Solicitar subvención á Consellería de Medio Ambiente e Cambio climático ao abeiro da Orde do 15 de xaneiro de 2026 para a actuación: “**MELLORA DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE CEDEIRA**” polo 100% do orzamento de gastos totais que ascende a 28.435€, IVE incluído segundo o desglose seguinte:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	COSTE UNITARIO	TOTAL CONCEPTO CON IVE
Cuberta para zona almacenamento RP	1	5000€	6050€
Impermeabilización e recollida de derramamentos na zona de almacenamento de RP	1	9500€	11495€
Contenedor	1	9000€	10.890€

**Terceiro.-** Aceptar as condicións e os requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable.

**Cuarto.-** Comprometerse a achegar o cofinanciamento necesario, no caso de que a subvención recibida non cubra o 100% do orzamento dos gastos da actuación.

**Quinto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

CVD: 0DZhsI9eNe3czMh6ozJZ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/  
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 26/03/2026 11:37:00) ,  
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 26/03/2026 11:43:00)  
Versión imprimible  
CVD: sfACvOZckgOm/p8r0RQj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/



**14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚMERO 161/2026 DE DATA 16/03/2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía num. 161/2026 de data 16.03.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D**

Vista a Resolución do 20 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestructuras turísticas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TU503D), publicada no DOGA número 46 de 10 de marzo de 2026.

Visto o proxecto técnico coa denominación “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento sen IVE de 39.914,10€, B.I. e Gastos Xerais incluídos e un custo con IVE de 48.296,06€.

Visto que, segundo a Resolución de convocatoria o IVE será subvencionable, sempre que non sexa recuperable pola entidade solicitante.

Tendo en conta, que a Resolución do 20 de febreiro de 2026 establece que hai cinco tipos de actuación subvencionables e que o proxecto técnico podería encadrarse dentro das Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante. E que o artigo 2.9 de dita Resolución establece un financiamento do 100% do orzamento total co límite de 30.000€.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 20 de febreiro de 2026 para a realización do proxecto “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento con IVE de 48.296,06€, B.I. e Gastos Xerais incluídos dentro das Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante. Sendo a cantidade solicitada de 30.000€ (o máximo a conceder).

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de convocatoria e o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.



**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 15. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL  
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE